

Datos sistemáticos de hidrografía e plancton na Ría de Vigo



Datos sistemáticos de hidrografía e plancton na Ría de Vigo

Ana Miranda
José Manuel Cabanas
Beatriz Reguera
Cristina Eirin
Laura Escalera
Gerardo Fernández
Gerardo Casas
Alberto Acuña




B/O José Mª Navaz

B/O José Mª Navaz:
Antonio Castro
José Alberto Currás
David Pazó
Serafin Cordeiro
César Castro

MATERIAL E MÉTODOS


Serie histórica de datos oceanográficos mensuais en dúas estacións da Ría de Vigo (Figura 1)
As series temporais de longo prazo das condicións hidrográficas e plancton son unha importante ferramenta para avaliar o impacto do cambio climático e doutras actividades debidas ás persoas (desastres ecolóxicos como o do caso do Prestige, contaminación industrial e urbana, ...).

Figura 1.- Situación das estacións na Ría de Vigo




Evolución da temperatura, salinidade, fluorescencia e nitrato nas estacións da Ría


Nos anos representados vemos un ciclo estacional inverno/verán, e períodos de afloramento-afundimento e sequía-chuvia, que se reflicte na cantidade de nitratos que se atopa na auga nas distintas épocas do ano, o que á súa vez repercute nos datos de fluorescencia (índice de clorofila "a") que nós observamos.



¿Canto pesa o zooplancton que hai nun metro cúbico de auga?



¿Cantos organismos de zooplancton atopamos nun metro cúbico de auga?




FITOPLANCTON

Algas microscópicas que son a parte "vexetal" do plancton e o primeiro eslabón da cadea alimenticia, comparábel cun "pasta pulverizado" que sintetiza materia viva a partir de sales minerais, CO₂ e enerxía solar. As diversas clases de microalgas baixo diferentes condicións ambientais explotan distintas estratexias para a súa supervivencia. As máis abundantes na Ría de Vigo son:



As **DIATOMEAS** proliferan en augas axitadas ricas en nutrientes como as que se observan na Ría de Vigo tras os episodios de afloramento asociados con ventos de compoñente norte.



Os **DINOFLEXELADOS** posúen flaxelos que lles permiten nadar e desprazarse moi pouco no sentido vertical. Proliferan en augas estratificadas típicas do verán.



¿Cales son os organismos de zooplancton que se poden atopar na Ría?



PLANCTON

Palabra grega que significa "errante".
Conxunto heteroxéneo de pequenos organismos que viven en suspensión e son arrastrados polas masas de auga

ZOOPLANCTON

Son a parte animal do plancton, animais moi pequenos que se moven coas masas de auga do mar. O seu papel é fundamental pois son a comida doutros organismos marínos que á súa vez forman parte da súa alimentación.

No caso do mesozooplancton, que é o que nós estudiamos, o seu tamaño varía entre 0.2 mm e 2 mm.

Hai algúns destes organismos que viven toda a súa vida formando parte do zooplancton, como son: **copépodos, apendicularias, cladóceros, medusas, etc.**; mentres outro soamente permanecen nel nos seus estados embrionarios e larvários, e despois, cando son adultos, aséntanse no fondo (**bivalvos**), fíxanse ás rochas (**gasterópodos, cirrípedos, ...**) ou son organismos independentes con mobilidade propia (**crustáceos e peixes**).

